



## Von Hafe recoñece que Cultura lle recortará un 40%

Esta redución de fondos obligaría ao CGAC a colaborar con outras institucións "para sobrevivir culturalmente". **Páx. 29**

## A palabra "galega" consigue un fito histórico en Twitter

Preto de 300 usuarios colocaron durante unha hora esta etiqueta entre as más usadas nesta rede social en España. **Páx. 31**

## "O erotismo tratado por unha muller suscita morbo"


A escritora Diana Varela defende no seu artigo que a día de hoxe a integración das donas como artistas non se acada. **Páx. 28**

# maré Hoxe

[mare.o-galicia-hoxe.com](http://mare.o-galicia-hoxe.com)

XOVES

07



Estíbaliz Espinosa –à esquerda–, e Dores Tembrás recitarán hoxe algúns dos seus poemas nun acto organizado pola AELG no seo do ciclo Escritores/as na Universidade

# Poesía feminista

'Poesía de muller. Poesía feminista'. É o título da mesa redonda na que hoxe a partir das 12.00 horas no salón de actos da Facultade de Filoloxía e Tradución da Universidade de Vigo participarán Estíbaliz Espinosa e Dores Tembrás. O acto, parte do ciclo Escritores/as na Universidade organizado pola AELG, centrarase na relación dos poemas destas dúas autoras co feminismo. Tembrás colabora ademais nunha antoloxía de poesía feminista que está a preparar a Assemblea de Mulheres do Condado.

Mais, que é a poesía feminista? A que ten que ver coa "definición da muller por si propia", lembra Tembrás, e apunta a Xohana Torres, Mariña Aleixandre, Pilar García Negro, Ana Romaní como autoras que influíron, neste aspecto, nas más novas como ela mesma.

Estíbaliz Espinosa opina que "non hai literatura masculina e literatura feminina", mais pensa que o feito de ser muller ou home condiciona a recepción das obras. "Hai mostras de desprezo pola literatura escrita por mulleres", asegura, coincidindo nisto con María Reimóndez, que en diversas ocasións denunciou a "invisibilidade" das mulleres no sistema literario galego en xéneros como a narrativa.

"Eu trato de fuxir de todos os clichés sobre a literatura feminina:

o victimismo, a sentimentalidade", engade. E cita a Ana Romaní, Pilar Pallarés, Luisa Villalta, Olga Novo ou Carme Blanco como autoras que se pode atopar unha "forte pegada do feminismo".

Blanco entende a poesía feminista como a "verdadeira e profunda" que se confronta ao poder e loita pola "liberdade do ser humano". A poesía da "vida, da paz, do amor, da xustiza". Pola súa banda, a profesora Helena González cre que tanto se pode falar da poesía feminista como de influencia dos feminismos na literatura galega.

E salienta a Pilar Beiro, María Xosé Queizán, Ana Romaní, Chus Pato ou María Reimóndez como exemplos de autoras feministas que revisaron cuestións como as representacións das mulleres.

Sublinha tamén o roncel do discurso feminista nas escritoras e escritores galegos, maior se cadra que noutras literaturas, afirma. "Pódese falar de textos, no lugar de autoras feministas...", engade.

Espínosa apunta, tamén, á influencia de Rosalía como poeta fundamental da poesía galega. Pilar García Negro é unha das autoras que están a reivindicar a dimensión feminista da creación de Rosalía.

"Rosalía é unha autora do século XIX que non se resigna a fazer a literatura sentimental que lles estaba asignada ás mulleres", reflexiona Helena González. O feminismo está presente, comenta tamén, dun xeito distinto nas autoras dos 80 e dos 90 ou de hoxe, do mesmo xeito que o feminismo foi evolucionando nas súas diferentes etapas. • MARÉ